

RECURSOS DIDÁCTICOS**ESTUDIO COMPARATIVO SOBRE A VISIÓN
DOS ESTUDIANTES DE “MEDIO
AMBIENTE” EN XAPÓN E ALEMANIA**

FUJITA, Takesti*

KAISER, Stefan**

SHIMIZU, Katsuhiko***

YOSHIOKA, Ryoei****

Facultade de Educación* - UNIVERSIDADE DE CHIBA*Instituto de Literatura e Linguística* - UNIVERSIDADE DE TSUKUBA*** *Dpto. Investigación de Ensino e Orientación* - INSTITUTO
NACIONAL DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA*****Centro de Recursos Educativos* - INSTITUTO NACIONAL DE INVESTI
GACIÓN EDUCATIVA**ABSTRACT**

O propósito deste traballo é comparar e describi-las visións sobre o medio ambiente de estudantes de secundaria en Xapón e en Alemania, e proporcionar unha idea nos esquemas de pensamento agachados nas súas visións. Un total de 308 estudantes do nivel superior de secundaria en Xapón e Alemania foron examinados sobre a súa comprensión do concepto de medio ambiente mediante cinco tipos de test: test de asociación libre (AL), test de definición libre (DL), test de identificación de aspectos (IA), test semántico diferencial (SD) e test de opción múltiple (OM). Neste traballo centraremonos unicamente nos resultados dos AL, SD e OM. Obtivéronse os seguintes achados; (1) A toma de conciencia sobre o medio ambiente nas escolas xaponesas é relativamente baixo, (2) Sen embargo, ambas mostras dedican algunha atención a problemas ambientais globais, (3) Os estudantes alemáns consideran os cambios no ambiente como críticos para os seres humanos e teñen unha comprensión máis profunda sobre a protección do medio ambiente, (4) Os estudantes xaponeses teñen unha visión máis optimista sobre os cambios no medio ambiente, e consideran ó medio ambiente como bastante

duradeiro. Os resultados suxiren a hipótese de que as diferencias na toma de conciencia, actitude e comportamento con respecto ó medio ambiente son debidas en parte a diferencias nos esquemas xerais de pensamento nos dous países.

Palabras chave: *medio ambiente, esquemas xerais de pensamento, estudantes de secundaria, Xapón e Alemania.*